



**ASUNTO: DESESTIMAR RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACION DE BASES DE DIVERSOS PROCESOS SELECTIVOS**

Visto o escrito de don ADRIAN NOGUEIRO RUBINOS de data 02/05/2018 e RE 6715 e o informe da Técnico de Administración Xeral da mesma data.

De conformidade co establecido Decreto da Alcaldía de data 18 de xuño de 2015 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local deste Concello, correspóndelle a este órgano a , a aprobación das bases das probas para a selección do persoal.

Non obstante isto, o propio réxime de funcionamento da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado está suxeito a unha convocatoria previa e celebración de sesión, que leva obrigada demora na tramitación dos expedientes orixinando, nalgunhas ocasións, prexuízos aos cidadáns e incluso a propia administración.

**RESOLVO**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno en virtude do disposto na delegación de competencias, de conformidade co disposto no artigos 10 da lei 40/2005 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2868/1986, de 28 de novembro e, en consecuencia:

Desestimar os recursos de reposición interpostos por don ADRIAN NOGUEIRO RUBINOS contra a aprobación das bases dos seguintes procesos selectivos:

.- 4 AUXILIARES DE POLICIA LOCAL.

.- PEON ESPECIALISTA PARA O SERVIZO DE PARQUES E XARDINS E A CREACIÓN DUNHA LISTA DE AGARDA PARA A COBERTURA DAS EVENTUAIS VACATES QUE EN DITO POSTO SE POIDAN DAR.

.- LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NO GRUPO C, SUBGRUPO C2.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello informando ós interesados de que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación deste acto.





MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde  
Ordena e asina o Sr. Alcalde  
Certifica e asina o Sr. Secretario



**FIRMAS Y FECHAS**

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 03/05/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 03/05/2018  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración  
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/05/2018 12:54:29

